

10 DE MARZO DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA

O **Partido Comunista de Galicia** demanda dos gobernos da Xunta e do Estado unha acción urxente e decidida a prol das traballadoras e traballadores. Demanda un acordo político e sindical que resposte ao clamor social contra a precariedade, un acordo que nos faga gañar dereitos e liberdades nas empresas, que avance na democratización das relacións nos centros de traballo.

A globalización capitalista reconece á clase traballadora como a súa antagonista principal. Sobre nós, as e os traballadores, se acumulan incontables contrarreformas laborais feitas a partires dunha trinidad inxusta, antidemocrática e insustentable: mercado, competitividade e crecemento sostido. Co eufemismo de flexibilizar as relacións laborais entrégaselle todo o poder o capital en detrimento do traballo. Se afirman unhas medidas dereitistas que engordan a taxa de beneficio empresarial, feitas en nome dunha modernidade que se esgota no exercicio gladiatorio dos egoísmos.

As políticas neoliberais xeran ano tras ano precariedade (máis de sete millóns de traballadoras e traballadores no Estado, catro de cada dez en Galicia), desemprego estrutural, unha economía mergullada que xera un fraude fiscal estimado en cincuenta mil millóns de euros cuns empregos sen dereitos, unha siniestralidade laboral que tería que ser considerada criminal e que se cobrou a vida de 103 traballadores en Galicia o ano pasado, horarios de traballo alongados que nos devolven aos tempos da extracción da plusvalía absoluta e ritmos nas cadeas intensificados sen control, etc., A riqueza social producida polos traballadores e traballadoras vai a mans dunha clase social que apenas da pancada (por exemplo, cada conselleiro das empresas que cotizan en bolsa gañou de media ao día un salario mínimo interprofesional, por unha decea de xuntanzas ao ano). Neste contexto os salarios reais perden poder adquisitivo por efecto dunha inflación que alimenta os beneficios empresariais.

Mulleres e mocidade sofren en especial as agresións da globalización capitalista. As mulleres teñen máis desemprego e precariedade e por el contrario acadan unha taxa de actividade e de ocupación inferiores, cuns salrios aorredor dun 27% inferiores. A igualdade real segue a ser denegada nunhas formacións económicas e sociais capitalistas e patriarcais.

É tempo de organizarse e responder á ofensiva. A clase traballadora galega ten exemplos na súa historia onde amosou a súa capacidade de acción mediante a loita unitaria por dereitos laborais e un horizonte de transformación social. É tempo de poñer en práctica o recollido na Constitución e poñer en valor a planificación democrática da economía.

A proposta de Estatuto de EU-IU defende un modelo de relacións laborais que prima os intereses da clase traballadora, verdadeira creadora da riqueza social do país.

No 75 cabodano da República española, as e os comunistas galegos afirmamos o noso compromiso coa profundización da democracia, en particular nos centros de traballo e co autogoberno mediante a fórmulada república federal solidaria. Non hai patria sen xustiza deixaron escrito os poetas, porén teremos que construír unha nova Galicia, onde todas e todos os traballadores, nados aquí ou inmigrantes teñamos iguais posibilidades de desenvolver todas as nosas capacidades. Que ninguén se vexa obrigado a emigrar a causa da barbarie política, económica e social do capitalismo.

As e os comunistas galegos comprometemos o noso traballo a prol dunha reforma laboral que entregue dereitos a nosa clase. A redución da xornada laboral a 35 horas sen redución do salario, a causalización da contratación mediante a persecución do actual fraude lei na contratación precaria para tarefas productivas non estacionais, o reforzamento do papel da iniciativa empresarial pública e social, a supresión das empresas de traballo temporal, unha lei de igualdade esixente no eido laboral, ao dificultar as causas de despido e recuperar a opción do traballador en caso de despedimento improcedente, garantías laborais e de emprego nos procesos de reestruturación de empresas, o reforzamento do deber de negociar nos convenios e o seu grao de cumprimento e eficacia xeral, etc. O Partido Comunista de Galicia , parte integrante da clase traballadora vai estar nese traballo.

**POLO EMPREGO ESTABLE E CON DEREITOS
POLA UNIDADE DA CLASE OBREIRA
TRABALLADOR@S DO MUNDO UNÍDEVOS**

www.pcgalicia.org

